CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Concello de VAL DO DUBRA (A Coruña)
REXISTRO XERAL
16 XUÑ. 2021
SAÍDA Nº 812

BANDO

José Manuel Varela Ferreiro, alcalde deste Concello de Val do Dubra,

FAGO SABER:

Que as **NORMAS A CUMPRIR PARA AS CACHARELAS DE SAN XOÁN e SAN PEDRO 2021** neste Concello, son as seguintes:

1. Que debido á pandemia da covid-19, **este ano *non está permitido facer caharelas nin sardiñadas en terreos públicos*. Só se poderán facer en terreos de titularidade privada**.
2. **As cacharelas poderán facerse a noite de San Xoán** (23 de xuño) **e/ou a noite de San Pedro** (28 de xuño).
3. **O número máximo de persoas que se poidan reunir en grupo, así como as medidas sanitarias a adoptar, axustarase ao disposto na normativa vixente en cada un dos días da celebración** (23 de xuño e/ou 28 de xuño, segundo corresponda).
4. **As persoas interesadas en realizar unha cacharela en terreos de titularidade privada** deberán **presentar a** correspondente **COMUNICACIÓN, antes das 12:00 h. do martes 22 de xuño**, para a de San Xoán **e antes das 12:00 h. do xoves 24 de xuño** para a de San Pedro. **As vías para a súa presentación serán:** Rexistro telemático dende a Sede Electrónica deste Concello: https://sede.valdodubra.gal/opencms/gl/ ou no Rexistro Xeral do Concello, das 08:00 ás 14:00 h.
5. **A separación das cacharelas** entre os edificios, fincas forestais, árbores e demais obxectos que poidan resultar danados será como mínimo de 20 metros. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables nin vehículos.
6. **En zona rural o volume de combustible da cacharela** non sobrepasará os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro, nin os 3 metros de altura.
7. **En zona urbana o volume de combustible da cacharela** non sobrepasará os 2 metros de diámetro ou 6 de perímetro, nin 1 metro de altura.
8. **Prohíbese** a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, etc. e, en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se botarán no lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (*sprais*), aínda que estean baleiros. Sobre terreos con vexetación herbácea, previo ao inicio do lume, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de largo, rodeando o perímetro no que se vai queimar.
9. **As fogueiras permanecerán vixiadas** polas persoas responsables da organización ata a súa extinción, quenes, ó rematar a cacharela e antes de abandonar o lugar, deberán proceder a empapar os restos destas con auga, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas e, de ser o caso.
10. **No caso de que se levante vento e as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o control do lume, deberá suspenderse** inmediatamente o inicio da fogueira. Así mesmo, **se unha vez iniciada o fogueira aparecese vento que dificulte o control do lume, deberán proceder** de inmediato á súa extinción.
11. **A comunicación de queima non eximirá en ningún caso das responsabilidades** por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando concorra neglixencia ou imprudencia.
12. Quenes organicen, ante calquera incidencia, poderán chamar a calquera dos seguintes números de teléfono: Protección Civil: 639 88 75 04 / 696 42 20 00 Emerxencias: 112
13. **O cumprimento das normas respecto ás cacharelas poderá ser comprobado** polos corpos e forzas de seguridade. O incumprimento destas poderá dar lugar a posibles infraccións.

Dende o Concello de Val do Dubra solicítase a máxima colaboración da veciñanza para o bo desenvolvemento das celebracións das noites de San Xoán e de San Pedro.

O que se fai público para o xeral coñecemento de todas as veciñas e todos os veciños deste Municipio.

Val do Dubra, 16 de xuño de 2021

44839488E JOSE MANUEL VARELA (R: P1508900F)

Firmado digitalmente por 44839488E JOSE MANUEL VARELA (R: P1508900F)
Fecha: 2021.06.16 18:45:33 +02'00'

Val do Dubra, naturalmente